



XOVES

I+D+i

Estimado/a amigo/a:

Continuando coas xornadas de presentación das oportunidades de financiamento do programa **Horizonte 2020** iniciadas en maio pasado, a **Axencia Galega de Innovación (GAIN)** e o **Centro para el Desarrollo Tecnológico Industrial (CDTI)** teñen programada unha nova xornada o **13 de novembro** baixo o título **“I+D+i para un envellecemento activo e saudable”** no Centro de Supercomputación de Galicia (Cesga) en Santiago de Compostela.

Esta xornada está **dirixida a empresas**, especialmente **PEMEs**, **centros de investigación públicos e privados e centros tecnolóxicos**, así como calquera persoa interesada en participar nos programas europeos de I+D+i. Os seus obxectivos son, por un lado, explicar as oportunidades de financiamento que ofrece Horizonte 2020 e as principais claves para ter éxito, e, por outro lado, describir as axudas e servizos de apoio que GAIN pon a disposición dos axentes galegos de innovación para a elaboración de propostas.

Terá un carácter eminentemente práctico, podendo manter os asistentes que o desexen unha **xuntanza bilateral** cun representante de CDTI ou da Axencia Galega de Innovación (GAIN) para aclarar dúbidas. O programa e o formulario de inscrición están dispoñibles no seguinte **enlace**. Se desexas manter unha reunión bilateral deberás enviar cumprimentada a ficha de información dispoñible na mesma web ao correo electrónico informa.gain@xunta.es.

Proximamente celebrarase outra presentación neste caso centrada no sector da bioeconomía. Para coñecer máis detalles sobre esta xornada informarse puntualmente a través da **páxina web de GAIN**.

O evento poderá seguirse ademais por videoconferencia dende as cidades de A Coruña, Ferrol, Ourense e Vigo, nos locais habilitados a tal efecto.

Agardamos que esta información sexa do teu interese, despedímonos ata o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín pode vostede darse de baixa enviando un mail a informa.gain@xunta.es dende a conta na que desexe anular a suscripción.